

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: litosfera, maquis, poboación activa, Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU), provincia, comunidade autónoma (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1. Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: litosfera, maquis, poboación activa, Plan Xeral de Ordenación Urbana (PGOU), provincia, comunidade autónoma (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

- Indique as provincias con refinarías sinaladas na figura 1 cos números do 1 ao 5 (1 punto).
- Identifique e describa a información representada en todas as figuras e sinal os elementos naturais e humanos que aparecen na figura 2 (1 punto).
- Explique os factores de localización do espazo industrial reflectido nas imaxes (1,5 puntos).
- Comente a transformación producida neste espazo (1,5 puntos).

2. Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

- Identifique las provincias con refinerías señaladas en la figura 1 con números del 1 al 5 (1 punto).
- Identifique y describa la información representada en todas las figuras y señale los elementos naturales y humanos que aparecen en la figura 2 (1 punto).
- Explique los factores de localización del espacio industrial reflejado en las imágenes (1,5 puntos).
- Comente la transformación producida en este espacio (1,5 puntos).



Figura 1 - Refinarías
Fonte: Elaboración propia



Figura 2. Refinaría de Tarragona. 1966
Fonte: ecoticias.com



Figura 3. Refinaría de Tarragona. Actual
Fonte: Deia

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España". a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).

3.- Desarrolle el tema a partir de los siguientes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Factores geográficos y termodinámicos que influyen en el clima de España". a) Factores geográficos: latitud, situación, influencia del mar, relieve. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) y en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, agricultura ecolóxica, isohieta, área metropolitana, aridez, Política Pesqueira Comunitaria (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, agricultura ecolóxica, isoyeta, área metropolitana, aridez, Política Pesqueira Comunitaria (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Ademais de Sta. Cruz de Tenerife, nomee cinco das illas principais que forman o arquipélago canario. (1 punto)

b) Que tipo de mapa é e que información representa? (1 punto).

c) Responda as seguintes cuestións sobre os condicionantes físicos e humanos da área que aparece no mapa (3 puntos; 0,5 por cuestión ben resolta)

1. Describa como é o relevo que reflicte o mapa.
2. Que son as curvas de nivel e cal é a de maior altitude que aparece?.
3. Ao oeste de "Garachico" arranca unha vía de comunicación ata "San Juan del Reparó" (TF421). Cales son as súas principais características?.
4. Que tipo de vexetación é a dominante nesta área?.
5. Que tipo de poboamento aparece nesta área?.
6. Cales son os principais usos do solo e aproveitamentos económicos desta área canaria?.

2.- Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Además de Sta. Cruz de Tenerife, nombre cinco de las islas principales que forman el archipiélago canario. (1 punto)

b) ¿Qué tipo de mapa es y qué información representa? (1 punto).

c) Responda a las siguientes cuestiones sobre los condicionantes físicos y humanos del área que aparece en el mapa (3 puntos; 0,5 por cuestión bien resuelta)

1. Describa cómo es el relieve que recoge el mapa.
2. ¿Qué son las curvas de nivel y cuál es la de mayor altitud que aparece?
3. Al oeste de "Garachico" arranca una vía de comunicación hasta "San Juan del Reparó" (TF421). ¿Cuáles son sus principales características?
4. ¿Qué tipo de vegetación es la dominante en esta área?
5. ¿Qué tipo de poblamiento aparece en esta área?
6. ¿Cuáles son los principales usos del suelo y aprovechamientos económicos de esta área canaria?



Doc 1 - Fragmento da folla 1091 do MTN50 - Icod de los Vinos (Sta. Cruz de Tenerife) / Fonte: IGN

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Dinámicas demográficas actuais: a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. B) Movementos migratorios (1990 á actualidade)".

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guion (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Dinámicas demográficas actuais: a) Desequilibrios territoriales en el movemento natural de la población. b) Movimientos migratorios (1990 a la actualidade)."

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.-Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: marisma, laurisilva, ría, explotación intensiva, economía somerxida, área metropolitana (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.-Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: marisma, laurisilva, ría, explotación intensiva, economía sumergida, área metropolitana (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.-Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

- Indique o nome das cinco Comunidades Autónomas coa menor porcentaxe de ocupados no sector turístico. (1 punto).
- Identifique a figura 1 e describa a información representada na mesma (1 punto).
- Analice os diferentes tipos de turismo por áreas xeográficas (1,5 puntos).
- Indique a incidencia económica do sector turístico en España e en Galicia (1,5 puntos).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

- Indique el nombre de las cinco Comunidades Autónomas con el menor porcentaje de ocupados en el sector turístico. (1 punto).
- Identifique la figura 1 y describa la información representada en la misma (1 punto).
- Analice los diferentes tipos de turismo por áreas geográficas (1,5 puntos).
- Indique la incidencia económica del sector turístico en España y en Galicia (1,5 puntos).




Figura 1. Fonte: IGN

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España". a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).

3.- Desarrolle el tema a partir de los siguientes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Factores geográficos y termodinámicos que influyen en el clima de España". a) Factores geográficos: latitud, situación, influencia del mar, relieve. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) y en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).

SETEMBRO 2018

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: cuenca fluvial, maquis, ecosistema, acuicultura, silvicultura, enerxías renovables (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).


1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: cuenca fluvial, maquis, ecosistema, acuicultura, silvicultura, enerxías renovables (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

- Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde (1 punto).
- Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda (1 punto).
- Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada (1,5 puntos).
- Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela (1,5 puntos).

2.- Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

- Localice cinco sistemas montañosos con presenza do color verde (1 punto).
- Identifique el documento y nombre el área litológica que corresponde a cada color de la leyenda (1 punto).
- Explique el modelado de la roca predominante en el área litológica de color morado (1,5 puntos).
- Explique el modelado de la roca predominante en el área litológica de color amarillo (1,5 puntos).



Fonte: Editorial Santillana

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Transformacións recentes na estrutura das cidades". a) Cidade difusa. b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso no solo urbano.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guion (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Transformaciones recientes en la estructura de las ciudades". a) Ciudad difusa. b) Los cambios en el centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso en el suelo urbano.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOGRAFÍA
(Cód. 35)

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: litosfera, maquis, poboación activa, Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU), provincia, comunidade autónoma (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Litosfera: Conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola codia e unha parte do manto superior terrestre.

Maquis ou maquia: É un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que adoita refuxiarse sobre solos silíceos. Os érbedos, as carpazas, os breixos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

Poboación activa: É aquel sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar (16 a 65 anos). Se está empregada denomínase poboación activa ocupada; se está en paro, poboación activa desocupada ou desempregada.

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU): Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Adoita ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Provincia: Entidade local con personalidade xurídica propia, segundo a Constitución de 1978. Constitúe unha agrupación de municipios que se creou por primeira vez coa división de Javier de Burgos en 1833. Hai 50 provincias na España actual.

Comunidade autónoma: Entidade territorial que está dotada de goberno autónomo, con capacidades executivas, lexislativas e xudiciais establecidas nun Estatuto de Autonomía. A estrutura de España na Constitución de 1978 fixa a existencia de 17 CCAA, ás que se engadiron máis tarde 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Indique as provincias con refinarias sinaladas na figura 1 cos números do 1 ao 5 (1 punto).

1. Biscaia.
2. Huelva.
3. Cidade Real.
4. Castellón.
5. Santa Cruz de Tenerife.

b) Identifique e describa a información representada en todas as figuras e sinale os elementos naturais e humanos que aparecen na figura 2 (1 punto).

A figura 1 é un mapa político con división provincial que presenta 5 provincias nas que están instaladas distintas refinarias.

A figura 2 é unha fotografía aérea do espazo correspondente á refinaría de Tarragona en 1966, na época do "desarrollismo".

A figura 3 presenta unha fotografía aérea da refinaría de Tarragona nos tempos actuais, con maior presenza das instalacións industriais no conxunto do espazo.

No tocante aos elementos naturais e humanos e tendo en conta que se trata da localización costeira da refinaría en Tarragona pódese apuntar que se trataba naquel intre dun espazo mediterráneo costeiro en transformación cunha incipiente urbanización e industrialización (apréciase a refinaría en construción, a apertura de vías anchas para a urbanización) entrando en conflito coa vexetación rala, de matogueira, propia deste ámbito climático, tendente á aridez, así como cos cultivos e hábitat tradicional, que acabarán por desaparecer por converterse nun proceso relativamente acelerado nun espazo dominado por unha clara compoñente industrial, tal e como se pode apreciar na imaxe actual.

c) Explique os factores de localización do espazo industrial reflectido nas imaxes (1,5 puntos).

Os factores de localización industrial que inflúen na localización da refinaría de Tarragona inclúen:

- As **comunicacións**: a **litoralización** da industria é un fenómeno contemporáneo, e mais no caso de industrias que son abastecidas por petroleiros que traen de áreas produtivas exteriores a meirande parte do petróleo que se utiliza como materia prima para a produción de derivados.

- A **abundancia de man de obra**, dado que a concentración de poboación no litoral é produto dunha evolución demográfica desde o século XVIII, e ten como consecuencia unha importancia notable dos efectivos no litoral mediterráneo.

- A **acción do Estado e doutras administracións**, xa que foi a época do "desarrollismo" a de maior implantación de polígonos industriais en diversas áreas do territorio peninsular, co obxectivo de espallar a difusión industrial.

- O **mercado**, xa que é o "Y" español (val do Ebro e litoral mediterráneo) o que concentra a maior cantidade de actividades industriais nos tempos recentes. Trátase dunha concentración demográfica e económica de importancia significativa.

- A presenza de **capital** nunha rexión desenvolvida a nivel económico como Cataluña. O capital facilita a creación de instalacións industriais diversificadas.

d) Comente a transformación producida neste espazo (1,5 puntos).

O complexo da refinaría de Tarragona evolucionou significativamente nos últimos 50 anos:

- Incrementouse de xeito notable o tamaño das instalacións industriais, consecuencia da **economía de escala** que integra empresas complementarias e implica crecemento da potencia instalada. Este feito foi particularmente relevante no caso de Cataluña, que coñeceu un importante despegue industrial.

- **Desapareceu a meirande parte do espazo agrario preexistente**, o que é consecuencia dun **cambio xeneralizado dos usos do solo**.

- **Incrementouse o consumo enerxético** e contaminación lumínica, como consecuencia da ampliación das instalacións industriais.

- **O consumo enerxético español**, moi dependente das importacións de petróleo do exterior, **modifica amplamente as paisaxes de moitas cidades**

litorais por mor da instalación de espazos de refino que precisan de amplos espazos. A meirande parte do petróleo procede de importacións marítimas procedentes de México, Nixeria e países de Oriente Medio, e por iso a localización privilexia como centros de instalación preferentes de refinarías espazos litorais tanto do mediterráneos como atlánticos.

- **Incremento da contaminación atmosférica, das augas costeiras próximas e lumínica**, co conseguinte prexuízo para os residentes nun amplo raio dende a refinaría e para a conservación de determinados ecosistemas naturais.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema “Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España”. a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, fronte).

A) Factores xeográficos:

- A latitude de España, situada na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.

- A situación da Península, entre dúas masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.

- A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberta ó mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa parte, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.

- O relevo inflúe no clima a causa da disposición, da altura e da orientación. Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir. A posición (oeste-leste) da maioría dos relevos montañosos favorece a entrada de masas de aire marítimo do oeste. O carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.

- As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.

- A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente 6° por cada 1000 metros de ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, precipitacións "ocultas" (xeadas e orballo) e precipitacións "horizontais" (producidas polas nubes).

- A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e aveseados. E diferenzas pluviométricas entre as abas de barlovento e sotavento.

b) Factores termodinámicos:

- A circulación en altura: a corrente en chorro. Circula en dirección oeste-leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita. A súa velocidade e os seus desprazamentos estacionais inflúen no tempo en superficie.

A velocidade da corrente é variable. Cando circula rápido, presenta suaves ondulacións e ten un trazado case zonal, con suaves ondulacións, que corresponden en superficie coa fronte polar e as súas borrascas. Pero cando a súa velocidade diminúe, describe profundas ondulacións: cristas ou dorsais que orixinan altas presións e vales ou valgadas que orixinan baixas presións. Ambas reflíctense en superficie e dan lugar a anticiclóns e borrascas dinámicos. As ondulacións, que poden chegar a desprenderse do chorro principal, permítenlle ó aire polar penetrar moi ó sur, e ó aire tropical desprazarse cara ó norte, o que lle dá gran variabilidade ó tempo da zona temperada.

Os desprazamentos estacionais do chorro en latitude determinan que afecte a España principalmente en inverno, mentres que en verán se traslada cara a latitudes máis setentrionais e, polo xeral, só incide na franxa cantábrica peninsular.

- A circulación en superficie: centros de acción, masas de aire e frontes. A circulación atmosférica está dirixida polos centros de acción, polas masas de aire e polas frontes:

- Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. A presión atmosférica é o peso do aire sobre unha unidade de superficie. Mídese en milibares (mb) mediante o barómetro e represéntase nos mapas do tempo mediante as isóbaras ou liñas que unen puntos con igual presión. Nestes

mapas, as isóbaras van de 4 en 4 mb. A presión normal é de 1013,5 mb, aínda que nos mapas do tempo adoite considerarse un valor de 1016 mb. Unha alta presión ou anticiclón é unha zona de altas presións rodeada por outras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis alta. Os ventos circulan ó seu redor en sentido contrario ó das agullas do reloxo. Produce tempo inestable, frecuentemente chuvioso.

Pola súa orixe, os centros de acción poden ser térmicos ou dinámicos. Un anticiclón térmico fórmase cando unha masa de aire arrefría: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión. Unha baixa térmica fórmase cando o aire se quenta: o aire quente pesa menos, elévase e exerce unha baixa presión.

Os centros de acción dinámicos fórmanse en determinadas zonas nas que en altura a corrente en chorro forma cristas (áreas anticiclónicas) ou valgadas (áreas depresionarias), que se reflicten en superficie.

Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son os seguintes:

Centros de acción anticiclónicos: o anticiclón das Azores, que no verán se despraza cara ó norte e no inverno cara ó sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo; e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando posicións de aire frío continental europeo chegan ó Mediterráneo, máis cálido e húmido; e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo quentamento do chan en verán.

- As masas de aire son anacos de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquirenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas rexións mananciais. Debido á latitude de España, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais secas (c).

- Estas características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. Unha masa de aire fría que descende en latitude, requéntase pola base e inestabilízase; pola contra, unha masa de aire cálida que ascende en latitude arrefríase pola base e estabilízase. Unha masa de aire orixinariamente seca que realiza un percorrido mariño, humedécese e inestabilízase; unha masa de aire orixinariamente húmida que realiza un percorrido continental, desécase e estabilízase.
- As fronte son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. Polo tanto, a ambos os lados dunha fronte prodúcese un cambio brusco das propiedades do aire. A fonte máis importante para España é a fronte polar, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronte, cálida e fría, separadas por un sector cálido. Como a fronte fría avanza máis rapidamente, o sector cálido estréitase ata desaparecer (oclusión). Con iso remata a enerxía da borrasca.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, agricultura ecolóxica, isohieta, área metropolitana, aridez, Política Pesqueira Comunitaria (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Tectónica de placas: Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e escorregan.

Agricultura ecolóxica: Sistema para cultivar unha explotación agrícola autónoma, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para fertilizante nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos orgánicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio.

Isohieta: Isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas.

Área metropolitana: Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome á área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

Política Pesqueira Comunitaria: Política da UE que defende: a) a protección das poboacións contra a sobrepesca; b) garantir unha renda digna para os pescadores; c) garantir o subministro regular dos consumidores e da industria de transformación a prezos razoables; d) a explotación sostible dos recursos mariños vivos desde os puntos de vista biolóxico, medioambiental e económico promocionando a acuicultura.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a. Ademais de Sta. Cruz de Tenerife, nomee cinco das illas principais que forman o arquipélago canario (1 punto).

Ademais de Tenerife, o resto de illas principais que conforman o arquipélago canario son: O Ferro, A Palma, A Gomera, Gran Canaria, Forteventura e Lanzarote.

b. Que tipo de mapa é e que información representa? (1 punto).

O mapa topográfico é un documento onde se representan con gran detalle os aspectos físicos (relevo, hidrografía, vexetación) e humanos (usos do solo, hábitat, toponimia) máis destacados dun territorio que resultan de grande interese para a análise xeográfica. O documento é un fragmento do Mapa Topográfico Nacional a escala 1:50.000 (MTN50) elaborado polo Instituto Xeográfico Nacional (IGN).

c. Responda ás seguintes cuestións sobre os condicionantes físicos e humanos da área que aparece no mapa (3 puntos; 0,5 por cuestión ben resolta)

1. Describa como é o relevo que reflicte o mapa.

Trátase dun territorio accidentado, cunha orografía complicada polo forte desnivel existente (curvas de nivel moi próximas) o que será un importante condicionante tanto nas comunicacións como en diferentes actividades económicas, con espazos ben diferenciados de chaira litoral, val e montaña.

2. Que son as curvas de nivel e cal é a de maior altitude que aparece?

As curvas de nivel son as liñas que unen puntos coa mesma altitude. A mestra de maior altitude que aparece é a de 700 metros, aínda que a cota de maior altura é de 748 m (extremo suroccidental deste fragmento de mapa).

3. Ao oeste de “Garachico” arranca unha vía de comunicación ata “San Juan del Reparó” (TF421). Cales son as súas principais características?

O forte desnivel que ten que salvar é a súa principal característica, de aí a súa sinuosidade, adaptándose ás curvas de nivel que marcan onde o terreo pode ser algo máis chan facilitando a súa construción.

4. Que tipo de vexetación é a dominante nesta área?

A vexetación dominante é a típica do espazo bioxeográfico macaronésico, onde abundan as reliquias ou endemismos. Na área do mapa estamos entre o nivel do mar e os 800 metros polo que aparece unha estrutura en pisos, neste caso os chamados pisos basal e intermedio. Son especies adaptadas á aridez (cardón, tabaiba...) e á escasa humidade (palmeiras, dragos e sabinas) nestas altitudes.

5. Que tipo de poboamento aparece nesta área?

Nesta área o poboamento concéntrase en pequenos núcleos de poboación (como “Garachico”) próximos á costa, onde as comunicacións son máis doadas e o clima máis favorable ou nalgúns zonas de maior altitude (500 metros) como “El Tanque” e “San Juan del Reparó” onde o terreo é menos abrupto e nas vías de comunicación que unen a costa co interior da illa (Cañadas do Teide).

6. Cales son os principais usos do solo e aproveitamentos económicos desta área canaria?

O terreo é de difícil aproveitamento económico polo seu forte desnivel. É unha zona onde predominan as lavas e a matogueira con algún arboredo.

Principais aproveitamentos económicos: aínda que existen algúns cultivos (agricultura de primicia, plátanos, socalcos), a área foise especializando en actividades do sector terciario fortemente vinculadas co turismo debido ao seu agradable clima subtropical e ás praias existentes en todo o litoral.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Dinámicas demográficas actuais: a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. b) Movementos migratorios (1990 á actualidade)”.

España conta na actualidade con cerca de 47 millóns de habitantes, que se reparten polo territorio de forma desigual. O interior atópase debilmente

poboado, mentres que as áreas costeiras presentan unhas elevadas densidades de poboación. Ao mesmo tempo obsérvanse fortes contrastes entre as cidades e o medio rural: cada vez máis poboación habita nas cidades e, porén, no medio rural existen espazos practicamente deshabitados.

Os cambios recentes da poboación española están moi influídos polas migracións internacionais. España foi tradicionalmente un país de emigración; no pasado, numerosos españois emigraron a distintos países do mundo, sobre todo de América Latina e do resto de Europa. Nas últimas décadas as tendencias cambiaron, descendendo o número de españois que emigran e aumentando o número de estranxeiros que veñen ao noso país. Aínda que este saldo positivo foi freado e invertido pola recente crise económica.

a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación

A evolución conxunta da natalidade e mortalidade determina o crecemento natural ou vexetativo, é dicir, a evolución que tería a súa poboación se non existisen as migracións exteriores. Este crecemento é desigual no espazo (segundo municipios, provincias e comunidades autónomas), e variou intensamente no tempo como consecuencia do desigual descenso das curvas de natalidade e mortalidade. En conxunto, España está hoxe en pleno réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade baixas e de mortalidade estabilizadas -aínda que con tendencia a medrar por mor do avellentamento demográfico-. As taxas de fecundidade son baixas, e non aseguran a taxa de reposición xeracional, de 2,1 fillos por muller.

A taxa de crecemento natural para o conxunto de España actualmente é moi baixa, pois durante os últimos anos situouse por debaixo do 2‰, o que implica que a poboación se mantería estable se non se producisen migracións exteriores. Pero este dato encerra diferenzas espaciais, pois hai áreas con crecementos elevados, mentres que outras teñen valores negativos.

- Os pequenos municipios rurais, sobre todo na metade norte, teñen unha poboación moi avellentada por efecto da emigración, e presentan un crecemento natural negativo, xa que a mortalidade é elevada e a natalidade moi baixa.

- Os municipios rurais de maior tamaño, situados predominantemente na metade sur, presentan unha dinámica natural lixeiramente positiva, xa que foron capaces de reter unha maior cantidade de poboación nova.

- Os municipios urbanos e turísticos teñen dinámicas positivas, xa que contan cunha poboación máis nova, debido aos recentes procesos de inmigración.

- Os crecementos máis altos danse nos municipios que rodean as grandes cidades, onde se asenta poboación moi nova, polo que o número de nacementos é alto en relación coa poboación total.

Por isto, as comunidades autónomas con maiores taxas de crecemento natural son Murcia, Madrid, Andalucía, Cataluña, as dúas comunidades insulares, a Comunidade Valenciana, Navarra e as cidades de Ceuta e Melilla. En xeral, presentan unha estrutura demográfica relativamente máis nova, causada por un comportamento tradicional máis natalista (Andalucía, Murcia e as cidades de Ceuta e Melilla), por ser foco de inmigración interna en épocas pasadas (Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana, Baleares) ou por recibir unha forte inmigración estranxeira desde a década de 1990 (todas elas).

Pola contra, as comunidades autónomas con crecemento natural negativo son aquelas que teñen unha poboación máis avellentada, sobre todo Asturias, Galicia e Castela e León. Estas comunidades presentan unha estrutura demográfica fortemente avellentada, por sufriren unha intensa emigración en épocas pasadas (Galicia e as comunidades do interior peninsular); pola prolongada incidencia da crise industrial de 1975 (rexións de antiga tradición industrial da cornixa cantábrica) e por contar na actualidade con menor inmigración.

b) Movements migratorios (1990 á actualidade)

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio. As causas das migracións son diversas e as súas consecuencias, complexas.

Os movementos migratorios españois adoitan clasificarse en migracións transoceánicas históricas, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e migracións modernas, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as migracións interiores campo-ciudad e as migracións exteriores, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental.

Dentro das migracións interiores debemos apuntar como se deu un cambio importante, pois pasouse dun dominio das migracións interprovinciais cara ós espazos cun maior desenvolvemento dentro do Estado, ás actuais, nas que priman os movementos intraprovinciais vencellados á desconcentración residencial dende as áreas metropolitanas cara ás súas periferias.

Tras a entrada de España na Unión e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000

residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da poboación total. Na actualidade, esta cifra supera xa os 5,2 millóns, representando o 11,3% da súa poboación. O desenvolvemento económico desta época transformou España dun país tradicionalmente emigrante a un país receptor de inmigración. Esta inmigración pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- Persoas xubiladas procedentes de Europa Central e do Norte. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este tipo de poboación, que aumentou de forma notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país.

- Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura. Este grupo de poboación está formado por persoas que proceden na súa maioría da Unión Europea. Veñen a España por cuestións laborais ou porque atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes etc.

- Refuxiados políticos. Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúen neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.

- Inmigrantes procedentes de países pobres. Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida máis dignas.

A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada destes inmigrantes, que atopan moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar no país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camións co risco que iso implica para as súas vidas.

Aínda que, como vemos, os inmigrantes proveñen de moi distintos países, certas nacionalidades están máis representadas en función da proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais. Así, a maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquí; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses.

Non obstante, dende o 2010 a inmigración freouse como consecuencia da crise económica. A falta de emprego provocou que viñesen menos estranxeiros e que moitos inmigrantes regresasen aos seus países de orixe (retornos). Polo mesmo motivo, aumentou a emigración de españois (sobre todo, de persoas novas cualificadas) a outros países en busca de traballo. Como resultado, o saldo migratorio en España foi negativo en 2013 (-256.849 persoas) e responsable da perda de poboación no noso país. Malia isto, parece intuírse un novo cambio de tendencia, pois os últimos datos dispoñibles (2017) marcan de novo un saldo migratorio positivo de algo máis de 50.000 persoas, aínda que entre os españois a emigración segue a dominar sobre os retornos (-13.000 persoas no primeiro semestre de 2017).

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOGRAFÍA
(Cód. 35)

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: marisma, laurisilva, ría, explotación intensiva, economía somerxida, área metropolitana (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Marisma: Terreo pantanoso, de auga salgada, situado nas proximidades da costa, case sempre á beira das desembocaduras de ríos. Un exemplo, en España, serían as marismas do Guadalquivir.

Laurisilva: É un bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” –determinado pola afluencia dos alisios– permite o seu crecemento.

Ría: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

Explotación intensiva: É aquela explotación agraria que elimina os barbeitos e recorre á produción continua do terreo, estimulada polo emprego de fertilizantes e o regadío artificial. Este tipo de agricultura intensiva obtén unha forte produtividade, sobre terreos moitas veces de extensión reducida. É moi habitual no litoral mediterráneo, especializado na horticultura.

Economía somerxida: Conxunto de actividades económicas que se desenvolven de maneira subrepticia e escapan ao control fiscal e ás leis e normativas laborais.

Área metropolitana: Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome á área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a) Indique o nome das cinco Comunidades Autónomas coa menor porcentaxe de ocupados no sector turístico (1 punto).

1. Estremadura
2. Castela e León
3. A Ríoxa
4. Navarra
5. Murcia

b) Identifique a figura 1 e describa a información representada na mesma (1 punto).

A figura 1 é un mapa temático con dúas variables representadas. Mediante coropletas represéntase a porcentaxe de ocupados no sector turístico respecto ao total da ocupación en cada Comunidade Autónoma. Con símbolos proporcionais o número absoluto de ocupados en cada Comunidade Autónoma (en milleiros).

c) Analice os diferentes tipos de turismo por áreas xeográficas (1,5 puntos).

O turismo en España concéntrase en determinadas áreas, con factores de atracción ben distintos:

1. A área de costa, que inclúe tanto o litoral mediterráneo (Costa do Sol, Costa Cálida, Costa Branca) e algunhas zonas do Atlántico (Costa da Luz, Costa Verde...). O noso Estado conta con excelentes praias e son as CCAA da área mediterránea (Cataluña, Valencia, Baleares e Andalucía) as que teñen maior oferta.
2. Outro tipo de turismo é o turismo histórico-cultural, concentrado en comunidades con riquezas específicas en lugares declarados patrimonio da humanidade: Granada e Córdoba no interior andaluz, Toledo en Castela-A Mancha, Segovia en Castela-León, Santiago de Compostela en Galicia. Trátase de cidades de tamaño mediano que ofrecen importantes atractivos nas súas zonas históricas.
3. Áreas de turismo preferentemente invernal, concentradas en distintos sistemas montañosos, con exemplos nos Pireneos e no Sistema Penibético.
4. Áreas de turismo rural, explotando a natureza e a diversidade paisaxística para múltiples actividades de sendeirismo, achega á cultura tradicional e coñecemento dos espazos naturais preservados.

d) Indique a incidencia económica do sector turístico en España e Galicia (1,5 puntos).

As repercusións económicas do sector turístico en España e Galicia inclúen:

- A creación dunha serie de empregos no sector turístico -que non obstante, están sometidos á estacionalidade da demanda- e na construción.
- Unha certa inestabilidade asociada á evolución da economía internacional: aumenta en períodos de crecemento económico, pero a chegada de turistas vese freada en fases de crise ou en momentos de inseguridade internacional.
- Trátase dunha actividade moi importante para o emprego e o PIB español e galego, debido ao efecto multiplicador na economía. De aí as políticas de desenvolvemento e fomento do turismo por parte das institucións. Ademais, os ingresos por turismo serven para equilibrar a balanza de pagamentos do Estado.
- No caso galego a maior parte do turismo procede do territorio español. Debido á extensión da costa e á riqueza do patrimonio artístico cultural, Galicia tamén ofrece varios tipos de turismo (de sol e praia, cultural, rural, termal...). Hai que destacar a importancia do Camiño de Santiago.
- Pola contra, a concentración territorial da oferta turística pode causar problemas de índole económico como a especulación co solo, os altos prezos das vivendas, os custos dos servizos dimensionados para fortes incrementos de poboación en certos períodos (infraestruturas, tratamento de residuos, sanidade, subministros...), así como a presión sobre o espazo rural que pode fomentar o abandono das actividades agrarias.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema “Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España”. a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frontes).

A) Factores xeográficos:

- A latitude de España, situada na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.

- A situación da Península, entre dúas masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.

- A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberta

ao mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa parte, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.

- O relevo inflúe no clima a causa da disposición, da altura e da orientación. Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir. A posición (oeste-leste) da maioría dos relevos montañosos favorece a entrada de masas de aire marítimo do oeste. O carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.

As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.

- A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente 6° por cada 1000 metros de ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, precipitacións "ocultas" (xeadas e orballo) e precipitacións "horizontais" (producidas polas nubes).

- A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e avessos. E diferenzas pluviométricas entre as abas de barlovento e sotavento.

b) Factores termodinámicos:

- **A circulación en altura:** a corrente en chorro. Circula en dirección oeste-leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita. A súa velocidade e os seus desprazamentos estacionais inflúen no tempo en superficie.

A velocidade da corrente é variable. Cando circula rápido, presenta suaves ondulacións e ten un trazado case zonal, con suaves ondulacións, que corresponden en superficie coa fronte polar e as súas borrascas. Pero cando a súa velocidade diminúe, describe profundas ondulacións: cristas ou dorsais que orixinan altas presións e vales ou valgadas que orixinan baixas presións. Ambas reflíctense en superficie e dan lugar a anticiclóns e borrascas dinámicos. As ondulacións, que poden chegar a desprenderse do chorro principal, permítenlle ao aire polar penetrar moi ao sur, e ao aire tropical desprazarse cara ao norte, o que lle dá gran variabilidade ao tempo da zona temperada.

Os desprazamentos estacionais do chorro en latitude determinan que afecte a España principalmente en inverno, mentres que en verán se traslada cara a latitudes máis setentrionais e, polo xeral, só incide na franxa cantábrica peninsular.

- **A circulación en superficie:** centros de acción, masas de aire e frontes. A

circulación atmosférica está dirixida polos centros de acción, polas masas de aire e polas fronteiras:

- Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. A presión atmosférica é o peso do aire sobre unha unidade de superficie. Mídese en milibares (mb) mediante o barómetro e represéntase nos mapas do tempo mediante as isóbaras ou liñas que unen puntos con igual presión. Nestes mapas, as isóbaras van de 4 en 4 mb. A presión normal é de 1013,5 mb, aínda que nos mapas do tempo adoite considerarse un valor de 1016 mb. Unha alta presión ou anticiclón é unha zona de altas presións rodeada por outras de presión máis baixa. Os ventos circulan ao seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis baixa. Os ventos circulan ao seu redor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis alta. Os ventos circulan ao seu redor en sentido contrario ao das agullas do reloxo. Produce tempo inestable, frecuentemente chuvioso.

Pola súa orixe, os centros de acción poden ser térmicos ou dinámicos. Un anticiclón térmico fórmase cando unha masa de aire arrefría: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión. Unha baixa térmica fórmase cando o aire se quenta: o aire quente pesa menos, elévase e exerce unha baixa presión.

Os centros de acción dinámicos fórmanse en determinadas zonas nas que en altura a corrente en chorro forma cristas (áreas anticiclónicas) ou valgadas (áreas depresionarias), que se reflicten en superficie.

Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son os seguintes:

Centros de acción anticiclónicos: o anticiclón das Azores, que no verán se despraza cara ao norte e no inverno cara ao sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo; e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando posicións de aire frío continental europeo chegan ao Mediterráneo, máis cálido e húmido; e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo quecemento do chan en verán.

- As masas de aire son porcións de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquirenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas rexións mananciais. Debido á latitude de España, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas

primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais secas (c).

Estas características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. Unha masa de aire fría que descende en latitude, requéntase pola base e inestabilízase; pola contra, unha masa de aire cálida que ascende en latitude arrefríase pola base e estabilízase. Unha masa de aire orixinariamente seca que realiza un percorrido mariño, humedécese e inestabilízase; unha masa de aire orixinariamente húmida que realiza un percorrido continental, desécase e estabilízase.

- As fronte son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. Polo tanto, a ambos os lados dunha fronte prodúcese un cambio brusco das propiedades do aire. A fronte máis importante para España é a fronte polar, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronte, cálida e fría, separadas por un sector cálido. Como a fronte fría avanza máis rapidamente, o sector cálido estréitase ata desaparecer (oclusión). Con iso remata a enerxía da borrasca.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, agricultura ecolóxica, isohieta, área metropolitana, aridez, Política Pesqueira Comunitaria (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Cunca fluvial ou hidrográfica: É a porción de terro que drena a un colector principal (río ou lago) limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas, liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos.

Maquis ou **maquia**: É un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que adoita refuxiarse sobre solos silíceos. Os érbedos, as xaras, as queirogas, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

Ecosistema: Comunidade natural unitaria ou, polo menos, homoxénea integrada por uns determinados seres vivos (animais, plantas, bacterias), compoñentes abióticos (o ambiente físico) e uns fluxos de enerxía e materiais.

Acuicultura: É o conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes, permiten

controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou ás augas continentais.

Silvicultura: Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais –susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos– e o desenvolvemento de espazos recreativos.

Energías renovables: Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos):

a. Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde. (1 punto)

1. Pireneos.
2. Montes Vascos.
3. Sistema Ibérico.
4. Cordal Cantábrico.
5. Sistema Sub-bético (ou *Sistemas Béticos*)

b. Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda (1 punto).

Cor morada: terreos silíceos.

Cor verde: terreos calcarios.

Cor amarela: terreos arxilosos.

Cor laranxa (ou vermella): terreos volcánicos.

c. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada (1,5 puntos).

A área litolóxica de cor morada correspóndese coa España silícea. Está formada por rochas moi antigas (do Precámbrico e do Paleozoico), que formaron parte de antigos macizos arrasados.

Localízase nas rexións nas que aflora o vello zócolo herciniano da Meseta

e noutras áreas de macizos antigos. Ocupa boa parte do terzo oeste peninsular e forma manchas illadas no eixe central dos Pireneos, Penibéticas, algunhas serras do Sistema Ibérico e a Cordilleira Costeira Catalá.

Estas rochas -que tamén poden ser metamórficas como as lousas, xistos ou gneis-, preferentemente ígneas -como o granito-, dan lugar a relevos característicos graníticos, nos que se inclúen como formas de modelado: as cristas, os pedregais, as pedras cabaleiras, os *tors*, os domos, os barrocais ou os caos de bólas.

d. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela (1,5 puntos).

A área litolóxica de cor amarela correspóndese coa España arxilosa. Está formada por rochas brandas (arxilas, margas, xesos) que foron depositadas no Cuaternario.

A área de expansión esténdese polas depresións terciarias: as concas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir e as chairas litorais mediterráneas.

Estas rochas forman relevos basicamente horizontais, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

- Zonas de escasa vexetación: cárcavas que poden orixinar os *badlands*.
- Zonas onde a erosión dos ríos abriu vales que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as campiñas.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 3 puntos): Tema "Transformacións recentes na estrutura das cidades": a) cidade difusa. b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación). c) Cambios de uso no solo urbano.

A maior parte das cidades españolas posúen elementos de época distintas: o centro histórico, cos seus monumentos e rúas estreitas e tortuosas; os ensanches, de trazado regular; os arrabaldes, de crecemento desordenado; os desenvolvementos urbanos densos, en edificación aberta; e as novas periferias, cada vez máis dispersas e fragmentadas.

As cidades transfórmanse: crecendo cara ao exterior coa creación de novos espazos residenciais e áreas de actividade económica, e por procesos de reestruturación no seu interior.

Aparecen centros comerciais, parques empresariais ou urbanizacións que se constrúen nas aforas. Prodúcese un proceso de fragmentación do espazo urbano con pezas conectadas entre si por autovías e estradas.

a) Cidade difusa

O modelo de cidade mediterránea, compacta, foise substituindo polo tipo de cidade difusa de modelo anglosaxón.

A cidade difusa ou dispersa esténdese horizontalmente e está separada en áreas especializadas e monofuncionais: zonas residenciais (diferenciadas por prezos e por grupos sociais), áreas comerciais, zonas de lecer, centros de ensino, universidades, barrios administrativos e de oficinas... Ademais diminúen o contacto humano, os intercambios e a sociabilidade.

É unha tipoloxía urbana caracterizada pola mestura de usos e de funcións e pola tendencia a ocupar un territorio moi extenso. A aceleración na ocupación do espazo implicou maior mobilidade individual: as viaxes pendulares cotiás (por motivos de traballo, estudo ou lecer) aumentaron en número e distancia.

b) Os cambios no centro urbano (degradación vs rehabilitación)

A partir da segunda metade do século XX, os centros históricos de moitas cidades españolas comezaron a sufrir unha progresiva deterioración e abandono. A maior parte dos que permaneceron eran anciáns con baixos niveis de renda, polo que o centro experimentou un proceso de avellentamento e empobrecemento. Todo isto reflectiuse nunha deterioración urbana, xa que moitas vivendas quedaron baleiras, e noutras non se realizaron as obras necesarias de mantemento e renovación.

Ao mesmo tempo, a actividade económica tamén se foi desprazando cara aos ensanches. O centro histórico só foi capaz de reter algúns centros administrativos e eclesiásticos instalados en edificios monumentais, así como os comercios tradicionais.

Ao longo das últimas décadas, as tendencias anteriores víronse, en parte, compensadas por procesos de revitalización destas zonas debido a:

- **Políticas públicas de conservación e revitalización.** As administracións públicas investiron na rehabilitación dos edificios e a mellora dos espazos públicos. Ademais, deron un novo uso a vellos monumentos, converténdoo, por exemplo, en edificios administrativos ou universitarios, e dinamizando así a vida dos centros históricos.
- **Desenvolvemento do turismo cultural.** Que potenciou a rehabilitación dos centros históricos españois, mediante a restauración de edificios e a peonalización de rúas e prazas. No interior dalgúns cidades realizáronse importantes operacións urbanísticas, consistentes, por exemplo, en reconverter as vellas áreas industriais en novos espazos de ocio.
- **Cambio de actitude da poboación local.** Comeza a verse como unha área de oportunidades económicas e un lugar agradable para vivir. Así, os centros dalgúns cidades están atraendo poboación nova e de maior nivel de renda, o que contribúe a conservar os edificios residenciais.

Subsisten problemas especialmente nalgúns barrios, onde ao avellentamento da poboación e o baixo nivel de renda se unen a marxinación social e a conformación de áreas cunha forte concentración de inmigrantes, o que dificulta a súa integración no conxunto da sociedade.

c) Cambios no uso do solo urbano

Os usos do solo son as diferentes utilizacións do espazo urbano: comercial e de negocios, residencial, industrial, de equipamento etc.

Na cidade preindustrial (dende a súa orixe ata mediados do século XIX) o casco antigo era a parte da cidade urbanizada. Ocupaba unha pequena superficie da cidade actual, pero ten un gran valor polo legado cultural que contén. Nesta época os usos do solo eran moi diversos (multifuncionalidade). A cidade preindustrial sufriu notables modificacións como resultado do proceso de industrialización, que tivo lugar entre mediados do século XIX e a década de 1960. O casco antigo experimentou unha progresiva terciarización e consolidouse como centro comercial e de negocios na cidade. O resultado foi o desprazamento dos usos residenciais e a deterioración dos edificios pola contaminación e o tráfico.

As cidades que nesta época implantaron industrias modernas atraeron unha numerosa poboación campesiña e estendéronse creando ensanches para os burgueses, barrios industriais e obreiros, e barrios axardinados. Produciuse unha división entre unha área residencial cara para a burguesía e as zonas industriais e os barrios marxinais –con escasos servizos e equipamentos– para o proletariado, que creceron arredor do ensanche, ao longo das estradas e camiños que partían da cidade ou xunto ás industrias e ás estacións ferroviarias.

Os barrios-xardín debidos ás ideas naturalistas. Tratábase de vivendas destinadas ás clases medias e baixas, se ben co tempo tamén as clases altas demandaron este tipo de espazos. Co posterior crecemento da cidade, estes espazos quedaron situados en zonas relativamente céntricas, o que favoreceu a súa revalorización e o seu cambio de uso, por exemplo gardarías ou clínicas privadas.

Na **década de 1960**, as principais cidades españolas iniciaron un enorme crecemento debido ao incremento natural da poboación e á inmigración e o progresivo desenvolvemento dos servizos. As cidades ampliaron a área edificada e crearon extensas periferias. Estas áreas urbanas chegaron a unirse ás veces cos municipio veciños, constituíndo aglomeracións urbanas.

Na actualidade (**época postindustrial**) algunhas zonas industriais e barrios obreiros quedaron nunha posición céntrica, o que revalorizou o solo que ocupan, dando lugar ao baleirado industrial e aparición de usos terciarios ou residenciais. Pola contra, os espazos menos accesibles e desorganizados mantéñense como espazos marxinais.

Nos últimos anos, as grandes cidades teñen un ritmo de crecemento menor, pero continúan estendéndose no espazo, debido á difusión de parte da súa poboación e da súa actividade económica cara a periferias cada vez máis afastadas. Estas periferias estrutúranse en diferentes áreas: barrios residenciais, áreas industriais e áreas de equipamento.

- **Os barrios residenciais** da periferia responden a diversas tipoloxías e presentan bastante homoxeneidade social derivada do prezo do solo e da distancia ao centro: **barrios marxinais, de vivendas de promoción oficial, polígonos de vivenda de promoción privada, barrios de quinceiro pechado, áreas de vivenda unifamiliar.**

- **As áreas industriais** localízanse xunto ás principais vías de acceso á cidade, buscando a proximidade urbana e solo abundante a prezo alcanzable. Tamén inclúen espazos industriais novos, como parques empresarias e tecnolóxicos, en áreas de gran calidade ambiental; ou polígonos de naves acaroadas destinados a empresas con menos recursos.

- **As áreas de equipamento** son froito da actual descentralización das actividades económicas cara á periferia urbana: grandes superficies comerciais, centros escolares, sanitarios e administrativos e outros servizos.